

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,05 horas do día 24 de novembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

D^a. PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

D. XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Non asisten:

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) SORTEO PÚBLICO PARA A CONSTITUCIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS ELECCIÓN XERAIS DO 20 DE DECEMBRO DE 2015.

2º) SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. (MC 30/2015).

3º) TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO. (MC 31/2015).

1º) SORTEO PÚBLICO PARA A CONSTITUCIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS XERAIS DO 20 DE DECEMBRO DE 2015.

Realizado o sorteo público ao abeiro do disposto no art. 26 da Lei orgánica do réxime electoral xeral para a constitución das mesas electorais para as próximas eleccións ao Parlamento Europeo do 25 de maio, as mesmas quedan compostas do seguinte xeito:

DISTRITO: 1. SECCIÓN: 001.MESA: A.

CENTRO SOCIAL POLIVALENTE DE PEDROUZOS.

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	ANTOLÍN	MARTÍN	ÓSCAR
1r VOGAL:D/Dª	SUÁREZ	STAUB	DIEGO JAVIER
2.º VOGAL:D/Dª	GONZÁLEZ- LAGANA	VICENTE	LOURDES

SUPLENTES

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	GARCÍA	GUNDÍN	M. MERCEDES
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	GARCÍA	GONZÁLEZ	SILVIA
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	GARCÍA	RODRÍGUEZ	PATRICIA
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	MAROÑAS	VIDAL	MANUEL
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	VÁZQUEZ	GÓMEZ	MARÍA TERESA
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	REY	RODRÍGUEZ	MANUEL

DISTRITO: 1. SECCIÓN: 001.MESA: B.

CENTRO SOCIAL POLIVALENTE DE PEDROUZOS.

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	GARCÍA	CONSTELA	MÓNICA
1r VOGAL:D/Dª	OVES	CUE	JOSÉ RAMÓN
2.º VOGAL:D/Dª	CANEDO	TRABA	MARÍA DEL CARMEN

SUPLENTES

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	JIMÉNEZ	DOMÍNGUEZ	ÁNGEL JESÚS
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	AYERBE	CANEDO	ISABEL
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	PINTOR	MELLA	DAVID
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	QUINTANA	FERNÁNDEZ	DAMNA
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	ANICETO	MAGARIÑOS	JUAN PABLO
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	RIVAS	VARELA	CAROLINA

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 001.MESA: A.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ANXELES

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	MARTÍNEZ	ALBORÉS	ANDRÉS
1r VOGAL:D/Dª	NIMO	IGLESIAS	MARÍA JESÚS
2.º VOGAL:D/Dª	VIGO	CASTRO	GENEROSA

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	PEDROSA	BARGO	FAUSTINO
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	NAVARRO	ALARCÓN	JUAN
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SERRAMITO	CASAL	JOSÉ
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	SANTISO	CASTRO	GUADALUPE
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	AMENEIRO	IGLESIAS	LUIS ÁNGEL
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GARRIDO	BEADE	NOELIA

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 001.MESA: B.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ANXELES.

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	SANTIAGO	IGLESIAS	JOSÉ ANDRÉS
1r VOGAL:D/Dª	ÍNSUA	PIÑEIRO	LUIS ALBERTO
2.º VOGAL:D/Dª	MOTA	CASTRO	MARÍA

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	RODRÍGUEZ	RAMA	ADRIANA
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	VÁZQUEZ	TORRADO	ANA BELÉN
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	RODRÍGUEZ	TRILLO	EVA
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	MÍGUEZ	PÉREZ	MARÍA ISABEL
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	RODRÍGUEZ	VÁZQUEZ	ANA ISABEL
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	FERREIRO	ARCAY	NEREA

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 002.MESA: A.

ANTIGO LOCAL SINDICAL DOS ANXELES

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	SIEIRA	RODRÍGUEZ	MARIO
1r VOGAL:D/Dª	ROMERO	BELLO	RAFAEL
2.º VOGAL:D/Dª	CANCEOLO	BOQUETE	MARÍA BEGOÑA

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	CARBALLAS	REBOREDO	ANTONIO DAVID
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	GARCÍA	BLANCO	MARÍA NIEVES
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SACIDO	PÉREZ	ALBERTO
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	ROMERO	BELLO	MARÍA DEL CARMEN
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	MORONO	PAMPÍN	PATRICIA
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	GONZÁLEZ	VÁZQUEZ	MARTA

DISTRITO: 2. SECCIÓN: 002.MESA: B.**ANTIGO LOCAL SINDICAL DOS ANXELES****TITULARES**

PRESIDENTE/A D/Dª	BOQUETE	LANDEIRA	MARCOS
1r VOGAL:D/Dª	ROMERO	MANEIRO	SANTIAGO
2.º VOGAL:D/Dª	CAMIÑO	QUINTELA	DANIEL

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	PIÑEIRO	CARLES	MARÍA ESTEFANÍA
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	CIDRAS	FERNÁNDEZ	DIEGO
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	MOLINA	LEPE	SERGIO ANTONIO
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	GARCÍA	OTERO	JESÚS
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	GUTIÉRREZ	PALAZUELOS	ELENA
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	FERNÁNDEZ	CAMPOS	JOSÉ RAMÓN

DISTRITO: 3. SECCIÓN: 001.MESA: A.**ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXÁNS.****TITULARES**

PRESIDENTE/A D/Dª	VILAS	MONTERO	JOSÉ RAMÓN
1r VOGAL:D/Dª	BERTO	AVILÉS	JUAN JOSÉ
2.º VOGAL:D/Dª	MELLA	SUÁREZ	ALEJANDRO

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	LESTÓN	LADO	ELENA
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	LAMAS	OTERO	DOLORES
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SÁNCHEZ	VILLAVERDE	MARÍA ÁNGELES
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	SOUTO	CARRO	NOELIA
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	LABANDEIRA	MIRAZO	LAURA
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	FRAGA	MARTÍNEZ	INÉS

DISTRITO: 3. SECCIÓN: 001.MESA: B.

SINDICATO AGRÍCOLA.

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	ABELENDIA	ROMERO	DAVID
1r VOGAL:D/Dª	SÁNCHEZ	CARDAMA	ALBERTO
2.º VOGAL:D/Dª	CALVIÑO	AIDO	RAQUEL

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	RODRÍGUEZ	BELLO	MARÍA DOLORES
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	BECERRA	MALLO	SANDRA
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	LEMONS	RAMOS	BEATRIZ
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	REY	CAMPELO	CARLOS
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	REY	FERNÁNDEZ	SANDRA
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	BARREIRO	REGUERIO	LUCÍA

DISTRITO: 4. SECCIÓN: 001.MESA: A.

TELECLUBE DE LUAÑA.

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	LOIS	ROMERO	ANA MARÍA
1r VOGAL:D/Dª	FORJÁN	GÓMEZ	ANTONIO
2.º VOGAL:D/Dª	BOUZAS	BECERRA	DANIEL

SUPLENTE

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	GÓMEZ- REINO	DOMÍNGUEZ	ELISA
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	VÁZQUEZ	GARCÍA	CRISTINA
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	SABUGUEIRO	ABELEDIA	VANESA
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	CASAL	GÓMEZ	BERNARDO
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	CASAL	TOMÉ	ELBA
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	CODESO	SUÁREZ	MARÍA ASUNCIÓN

DISTRITO: 4. SECCIÓN: 001.MESA: B.

ANTIGA ESCOLA DE CORNANDA.

TITULARES

PRESIDENTE/A D/Dª	CUNQUEIRO	SUÁREZ	LAURA
1r VOGAL:D/Dª	DOSIL	SABUGUEIRO	MARÍA SOL
2.º VOGAL:D/Dª	FERNÁNDEZ	CONDE	MARÍA ISABEL

SUPLENTES

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	CUNQUEIRO	SUÁREZ	EVA
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	DOSIL	NEO	BELÉN
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	PAIS	RODRÍGUEZ	M. DEL CARMEN
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	GRILLE	BARBEIRA	CARLOS
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	BECERRA	BLANCO	PILAR
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	FREIRE	PEREIRA	JOSÉ RAMÓN

DISTRITO: 4. SECCIÓN: 001.MESA: C.**TELECLUBE DE VICESO****TITULARES**

PRESIDENTE/A D/Dª	PEDRARES	BARBANZÁN	DIANA
1r VOGAL:D/Dª	BERDULLAS	TOMÉ	EVA
2.º VOGAL:D/Dª	VIDAL	CUNS	SARA TERESA

SUPLENTES

1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	ALONSO	GONZÁLEZ	JOSÉ MARÍA
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	SUÁREZ	FERREIRO	PATRICIA
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	MARCO	CALVO	ENCARNACIÓN
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	FREIRE	CABO	ANA MARÍA
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	BARBAZÁN	GARCÍA	JORGE
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	VITTORI	VÁZQUEZ	PURIFICACIÓN

Acórdese igualmente por unanimidade dos membros presentes que, para o suposto de que a Xunta Electoral de Zona, por estimación das alegacións que se presenten polos designados ou por outro motivo, solicite a designación dalgún novo membro de mesa se faga uso da listaxe de nove suplentes por posto confeccionada como resultado do sorteo informático celebrado no día de hoxe.

2º) SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. (MC 30/2015).

Dada conta da proposta da Alcaldía do 18 de novembro de 2015, que transcrita di:

“MEMORIA-PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 30/205 SUPLEMENTO DE CRÉDITO EN EXECUCIÓN DA SENTENCIA Nº 86/2013 DE DATA DE 17.04.2013 DO TRIBUNAL CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUMERO 1 DE A CORUÑA.

Con data de 17.04.2013 ditase Sentencia número 86/2013 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de A Coruña, no procedemento ordinario 93/2011, no que a entidade Centro Multiocio Brión SL, interpoñía recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta da solicitude re resolución do contrato celebrado o día 29.06.2007 de compravenda das parcelas N° e Q do proxecto de reparcelación do plan parcial do solo urbanizable 1, Villa Amalia, ao entender o recorrente que procede a resolución do contrato ante o incumprimento do contrato no que se establecía a entrega das parcelas urbanizadas.

A sentenza conclúe no seu fallo a nulidade da resolución recorrida e recoñece o dereito á resolución do contrato, coa correspondente devolución do prezo do contrato e os seus xuros, así como o dereito do recorrente a ser indemnizado dos danos e prexuízos sufridos polo incumprimento do contrato de compravenda de 29.06.2007 xa que no mesmo se recollía a obriga da administración de entregar urbanizadas no prazo de 9 meses dende que o contrato se elevou a escritura pública.

A dita sentenza foi obxecto de recurso de apelación por este concello, o recurso presentouse ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, alegando que o incumprimento por parte do Concello do contrato se debía ao incumprimento das empresas promotoras, alegando tamén un incumprimento da recorrente xa que non solicitou a licenza das obras de construción dun centro de ocio dentro do prazo establecido. O recurso de apelación foi desestimado ditándose sentenza firme nº 931/2014 o día 27.11.2014. Poren e por considerar de que dito procedemento xudicial non resulta axustado a dereito malia a ser firme, solicitouse diante do Tribunal Supremo a correspondente declaración de erro xudicial o que, de ser aceptado levaría consigo a correspondente indemnización a favor deste concello.

O importe que o concello debe pagar e que se recolle na sentenza ascende a 1.017.025,36€ mais os xuros a determinar en execución de sentenza, o importe comprende a devolución das cantidades ingresadas en concepto de alleamento dos terreos, mais a indemnización polos danos e prexuízos causados . O alleamento das parcelas ascende a 727.903,36 (627.502,90€ de principal mais 100.400,46€ que se corresponden co IVE) e a indemnización danos e prexuízos: 289.122,00€.

Por parte deste concello, preténdese cumprir co pagamento da parte correspondente a indemnización de danos e prexuízos xa que segundo o manifestado no procedemento de execución de títulos xudiciais, o concello esixe para a devolución do importe dos terreos que a empresa proceda á entrega dos terreos libres de cargas e gravames.

Así mesmo o concello está a negociar una posible transacción ca empresa que lle permita cumprir ca sentenza nos termos mais favorables para o intereses público.

Sen embargo a sentenza e firme e a menos que ese posible acordo se materialice debe proceder de acordo co artigo 106 da Lei de Xurisdición Contencioso Administrativa que establece:

1. Cando a Administración for condenada ao pago de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pago con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pago fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro do tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial.
2. Á cantidade a que se refire o apartado anterior engadirase o interese legal do diñeiro, calculado desde a data de notificación da sentenza ditada en única ou primeira instancia.
3. Non obstante o disposto no artigo 104.2, transcorridos tres meses desde que a sentenza firme sexa comunicada ao órgano que deba cumprila, poderase instar a execución forzosa. Neste suposto, a autoridade xudicial, ouvido o órgano encargado de facela efectiva, poderá incrementar en dous puntos o interese legal a deveñar, sempre que apreciase falta de dilixencia no cumprimento.

4. Se a Administración condenada ao pago de cantidade estimase que o cumprimento da sentenza habería de producir trastorno grave á súa Facenda, porao en coñecemento do Xuíz ou Tribunal acompañado dunha proposta razoada para que, oídas as partes, resólvase sobre o modo de executar a sentenza na forma que sexa menos gravosa para aquela.

5. O disposto nos apartados anteriores será de aplicación así mesmo aos supostos en que leve a efecto a execución provisional das sentenzas conforme a esta Lei.

6. Calquera das partes poderá solicitar que a cantidade a satisfacer compénsese con créditos que a Administración ostente contra o recorrente.

Así mesmo a constitución recolle a obriga no seu artigo 118 de cumprir coas sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais e a Lei orgánica do poder xudicial no mesmo sentido establece nos seus artigos 17 e 18 que as Administracións Públicas, as autoridades cumprirán as sentencias e demais resolucións xudiciais que sexan firmes ou sexan executables.

Tendo en conta que a liquidación do exercicio 2014 recolle as seguintes magnitudes:

Aforro neto positivo: 705.519,89€

Remanente de tesourería para gastos xerais: 716.077,78€

Capacidade de financiamento: 647.739,96€

Volume de débeda viva: 14,93%.

O concello pretende tramitar unha modificación orzamentaria para facer fronte ao pagamento da indemnización de danos e prexuízos e os xuros de demora mediante a tramitación de un suplemento de crédito por importe de 318.980,78€ financiado con remanente de tesourería para gastos xerais.

Sendo conforme as disposicións vixentes, e previo informe da Intervención municipal, estimase procedente tramitar o expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financian o gasto remanente de tesourería para gastos xerais, propoñendo ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da modificación de crédito número 30/2015 do Orzamento Municipal para o exercicio 2015 na modalidade de suplemento de crédito de acordo co seguinte:

APLICACIÓN DE GASTO SUPLEMENTADA

APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	IMPORTE SUPLEMENTO
920.22699	Adm. Xeral Outros gastos diversos	289.122,00
931.35200	Adm. Financeira. Xuros de demora	29.858,78
	TOTAL	318.980,78€

FINANCIAMENTO: RTGX.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Denominación	IMPORTE SUPLEMENTO
87000	Activos financeiros.	318.980,78€

	Remanente Gastos Xerais	Tesourería	
--	----------------------------	------------	--

Coas modificacións propostas o resumo por Capítulos do estado de gastos do orzamento queda da seguinte maneira:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	CONSIGNACION ANTES EXPEDIENTE	AUMENTOS	TOTAL CONSIGNACION
Cap.2	2.086.559,29	289.122,00	2.375.681,29
Cap 3	22.315,81	29.858,78	52.174,59

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	CONSIGNACION ANTES EXPEDIENTE	AUMENTOS	TOTAL CONSIGNACION
8 Activos financeiros	111.050,12	318.980,78	430.030,90

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

O pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 18 de novembro de 2015, que transcrita di:

**“ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICAICÓN DE CRÉDITO 31/2015-
TRANSEERNCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO**

Visto o expediente de MC 31/2015, tramitado na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, motivado polo acordo tomado na sesión ordinaria da Xunta da Mancomunidade Serra do Barbanza de data de 7 de maio de 2015, no que se aprobaba unha liquidación extraordinaria para facer fronte ao pagamento da adquisición de contenedores de lixo, correspondéndolle ao concello de Brión unha achega de 4.290,43€ euros mensuais durante oito mensualidades.

Tendo en conta que o crédito previsto na aplicación orzamentaria é suficiente para facer fronte a dita achega.

	Total mensual	Extraordinaria LE 1/2015	Recollidas extraordinarias	Totais ano 2015
Xaneiro	27.806,91	0,00		27.806,91
Febreiro	27.806,91	0,00		27.806,91
Marzo	27.806,91	0,00		27.806,91
Abril	27.806,91	0,00		27.806,91
Maio	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Xuño	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Xullo	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Agosto	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Setembro	27.806,91	4.290,43	356,40	32.453,74
Outubro	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Novembro	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Decembro	27.806,91	4.290,43		32.097,34
Totais	333.682,92	34.323,44		368.362,76

Tendo en conta que o orzamento vixente permite realizar transferencias dentro da mesma área de gasto pero estas resultan insuficientes, polo que é necesario transferir crédito de partidas non comprometidas de áreas de gasto distintas, ascendendo o importe a 18.943,76€.

Tendo en conta que os gastos non poden demorarse ata o exercicio seguinte,

Considerando que de conformidade co artigo 180 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facenda Locais, e o disposto nos artigos 40 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril.

Considerando que de acordo co establecido na Base 14 de execución do orzamento para 2015, e previo informe da intervención, e polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 31/2015 na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte:

Aplicacións que ceden crédito

Aplicación orzamentaria		Descrición	Importe
1532	13100	Vías públicas persoal laboral temporal	6.000,00
171	13100	Parques e xardíns persoal laboral temporal	3.000,00
1532	16000	Vías Publicas Seguridade Social	8.000,00
1532	12005	Vías Publicas Persoal Salario grupo E	1.096,94
1532	121001	Vías Publicas Persoal funcionario Complemento específico	846,82
		Totais	18.943,76

Aplicacións que reciben crédito

Aplicación orzamentaria		Descrición	Importe
942	46303	Transferencias correntes Mancomunidade	18.943,76

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

O pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.